

Apaixónate correr?
¿Te apasiona correr?



Dende só

1,7 €/mes

**Adestra e compite seguro
os 365 días do ano!**

**Beneficiate das vantaxes da Nova Licenza
para Runners e amantes do Trail Running**

- ❖ *Para ti que te apasiona correr, sexa por cidade ou pola natureza.*
- ❖ *Cobertura sanitaria durante os adestramentos.*
- ❖ *Ademais, a maior cobertura en rescate e salvamento para as túas competicións e adestramentos na montaña, sendeiros, bosques e calquera superficie.*
- ❖ *Participa e compite tanto en probas de Ruta como de Trail Running.*
- ❖ *Coa licenza poderás competir gratis, sen pagar ningunha cota, nos Campionatos de Galicia de Ruta (Milla; 5 Km; 10 Km; Media Maratón e Maratón). Tamén poderás competir gratis no Campionato de Galicia de Trail Running e de Montaña.*
- ❖ *Poderás aspirar a participar coas diferentes Seleccións Galegas.*
- ❖ *Os teus rexistros, nos circuitos homologados, formarán parte do Ránking de Galicia ou, mesmo, do Ránking de España.*

Novas altas de clubs ou atletas independentes en <https://licenzas.carreirasgalegas.com>

Nova licenza exclusiva para Ruta/Trail Running

Preguntas frecuentes



Adestra e compite seguro os 365 días do ano!!!

A licenza de Ruta / Trail Running, cóbreme ante calquera lesión ou accidente en adestramentos? Si. Cobre tanto accidentes, lesións ou posibles rescates que se poidan producir en adestramentos de acordo ás condicións da póliza de seguro.

Que ámbito xeográfico elixo á hora de sacar a miña licenza de Ruta / Trail Running? Dependerá dos teus obxectivos. A licenza de Ruta / Trail Running contempla catro ámbitos xeográficos diferentes. 1: Autonómico; 2: España, Portugal, Marrocos e Pirineo francés; 3: Europa e Marrocos. 4: Todo o mundo.

Canto custa a licenza de Ruta/Trail Running? No seguinte cadro podes ver os prezos

Categoría	1. Autonómica			2. España, Portugal, Marrocos e Pirineo Francés			3. Europa e Marrocos			4. Todo o Mundo		
	Cota	Seguro	Total	Cota	Seguro	Total	Cota	Seguro	Total	Cota	Seguro	Total
Absoluto e Sub23	21	16	37	42	35	77	42	50	92	42	75	117
Sub20 e Sub18	12,5	12	24,5	25	24	49	25	30	55	25	45	70
Sub16 e Inferior	12,5	9	21,5	25	15	40	25	18	43	25	30	55

Podo ampliar o ámbito de cobertura de seguro da miña licenza de Ruta / Trail Running durante a tempada? Si, pagando a diferenza correspondente e facendo a tramitación do cambio a través da Federación Galega de Atletismo ou a través do teu club, sempre que estea rexistrado na Federación Galega de Atletismo.

Se teño a licenza normal de federado/a en atletismo, podo participar en probas de Ruta / Trail Running? Si. O único é que se corres nun Trail Running, como os custos do posible rescate son máis altos que na ruta, deberías pagar unha pequena cota complementaria para que non asumas riscos.

Coa licenza de Ruta / Trail Running, podo participar en probas doutras especialidades atléticas? Non. A licenza está contemplada só para as carreiras de Ruta e Trail running.

Se non dispoño de ningunha licenza podo disputar probas de Ruta / Trail Running do calendario oficial e estar cuberto polo seguro? Si. O único que tes que facer é sacar a licenza de día de Ruta/Trail Running que che cobre o seguro durante a competición, pero non terás incluídos os accidentes, lesións ou posibles rescates que se poidan producir en adestramentos.

Se non quero fichar por ningún club podo facer licenza de Ruta/Trail Running? Si. Podes facela como atleta independente cos mesmos prezos e coberturas que o resto dos atletas de club